

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN
ALIAD ULTREIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DETECCIÓN E
REESTABLECIMENTO DE MULLERES VÍTIMAS DE TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Aliad Ultreia, na realización dun proxecto para mellorar a detección e intervención na recuperación de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual, especialmente aquelas con problemáticas de saúde mental e adiccións, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

As mulleres vítimas dun proceso de trata e explotación sexual atópanse nunha situación de maior vulnerabilidade, dada a problemática complexa que presentan que afecta aos diferentes eidos da súa vida, desde a súa situación xurídica, a garantía dos seus dereitos, o acceso aos recursos, a súa situación económica, a súa inserción laboral, a atención sanitaria especialmente en relación á saúde mental e adiccións, ao que se une en moitas ocasións a falta dunha rede de apoio social ou familiar. Os datos que recollen os informes e estudos oficiais existentes , indican que a incidencia da trata de seres humanos con fins de explotación sexual afecta nun 99% a mulleres e nenas, e entre elas, a gran maioría pertencente ao colectivo de inmigrantes.

Aliad-Ultreia é unha das entidades que integra a "Rede galega contra a Trata", e que se atopa avalada pola experiencia contrastada de moitos anos de traballo con mulleres inmigrantes vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral. Ademais de ter unha acreditada experiencia conta tamén cunha dilatada experiencia en programas de atención e reinserción social de persoas con trastornos aditivos.



Esta dobre especialización e experiencia da entidade tanto en violencia de xénero como en trastornos aditivos e que conta con persoal formado, acredita a súa capacidade para promover e coordinar un proxecto de investigación en prostitución, así como coordinar, xestionar e proporcionar unha formación axeitada e de calidade a diferentes colectivos profesionais que mellore a detección e intervención na recuperación destas mulleres.

A Consellería de Política Social e Igualdade estima de interese público establecer una liña de traballo conxunto, e propónse a colaboración coa entidade Aliad Ultreia, para canalizar o dito interese no desenvolvemento dun Programa de detección e restablecemento de mulleres vítimas de trata e/ou explotación sexual na Comunidade Autónoma de Galicia

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario radica na necesidade de poder realizar un estudo de investigación sobre a prostitución e impartir formacións específicas que melloren a detección, o restablecemento e a prevención no eido da trata de mulleres e nenas /os e da explotación sexual. Cómpre sinalar que non existe en Galicia outro programa destas características e considérase a esta entidade como idónea para desenvolvelo. Esta entidade acredita un evidente interese social e humanitario na labor desenvolvida e conta con persoal especializado en adiccións, saúde mental e violencia de xénero, que leva á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer a presente liña de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

